

Expediente	Den/Req	Matrícula	Nif/Cif	Nome e Apelidos	Municipio	Data/Hora	Art/Lei	Puntos	Importe
2013-O-0003086	Den	8980GWS	33548461V	VEGA BUSTO SERAFIN	BECERREA	19/09/13/12:05	38/OMC	0	80
2013-O-0003248	Den	2282HDZ	33308182L	VILA PARDIÑO MIGUEL ANGEL	LUGO	02/10/13/19:03	38/OMC	0	80
2013-O-0004275	Den	9963FYD	33328336W	VILA ROMAY M TERESA	LUGO	12/12/13/10:19	38/OMC	0	80
2013-O-0004324	Den	LU5360X	33839191G	VILARES PEREZ CARLOS	LUGO	16/12/13/10:54	38/OMC	0	80

R. 02532

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 31 de decembro de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACION DE PAVIMENTO NA RONDA DA MURALLA.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É a realización das obras de "REPARACION DE PAVIMENTO EN RONDA DA MURALLA" conforme o proxecto de obras elaborado polo Servizo de Enxeñería

b) **Prazo de execución:** O prazo máximo de execución das obras é de **DOUS MESES** contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimemento:** aberto

#### 4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:**

O valor estimado do contrato é de 67.908,79 euros mais o 21% de IVE (14.260,85 euros), polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de **82.169,64 euros**.

#### 5.- Garantías:

a) **definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

#### 6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

#### 8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais e especiais de execución.

Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución recollidas nas cláusulas décimo sexta (art. 228 bis TRLCSP) e décimo oitava (art. 223 do TRLCSP) do prego de cláusulas administrativas particulares.

#### 9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 26 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 3 meses.

#### 10.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**11.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**12.- Gastos dos anuncios:** 141,70 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 29 de xaneiro de 2014.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA ( Decreto nº 13008312), Sonia Mendez Garcia

R. 0496

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 28 de novembro do 2013, de aprobación provisional da Ordenanza Reguladora polo prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, seminarios, cursos ou similares, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

ORDENANZA Nº , REGULADORA POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E PLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES.

#### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 47, do Real Decreto “/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional, a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

#### **Artigo 2. Concepto.**

O Prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente adquiren os libros, publicacións ou material promocional, e os que participen nas prestacións dos servizos ou a realización de actividades desenvolvidas nas xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares

#### **Artigo 3. Obrigas ó pago.**

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza:

- 1.- Os que adquiren os libros , publicacións, e material promocional.
- 2.- Os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou da realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

#### **Artigo 4. Contía.**

1.- O importe que se debe pagar ao Concello pola venda de libros , publicacións e material promocional, a celebración de xornadas, cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares será aprobado pola Xunta de Goberno Local atendendo ao coste dos mesmos.

2.- A Delegación conferida neste precepto entenderase avocada polo Pleno da Corporación, para un acto concreto individualizado, pola simple adopción dos acordos de establecemento, modificación ou fixación dos prezos públicos referidos a esta ordenanza por parte do mesmo, sen modificación ou fixación dos prezos públicos referidos a esta ordenanza por parte do mesmo sen que uso desta facultade supoña revogación da delegación que con carácter xeral se efectúa neste apartado.

3.- o Concello poderá reducir o prezo que deben aboar os interesados, previo acordo da Xunta de Goberno Local nos seguintes supostos:

- a) Distribución de libros, publicacións e material promocional entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias.
- b) Distribución de libros, publicacións e material promocional entre departamentos municipais ou entidades intermediarias como librerías, papelerías, quioscos e similares.
- c) Participación en xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares por razóns de interese xeral; sempre que se garanta a cobertura do coste da actividade ou servizo.

#### **Artigo 5. Xestión.**

1.- A obriga do pago do prezo público pola adquisición de libros, publicacións e material promocional nace no momento no que se adquira ou solicite a adquisición dos mesmos.